



## ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

### Artigo 1 Fundamento

De conformidade co previsto nos artigos 41 a 47 e 127 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar (en diante, SAF).

### Artigo 2 Concepto

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha contraprestación pecuniaria que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a prestación do SAF e lles sexa concedida de acordo co previsto no regulamento do servizo.

### Artigo 3 Obrigados ao pagamento

Están obrigados ao pagamento de prezo público regulado nesta ordenanza quen se beneficie da prestación do SAF prestado polo Concello de Pontevedra. No caso de que as persoas anteriores carezan de capacidade de obrar, a obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal.

### Artigo 4 Contía

- 1 Pola prestación deste servizo establécese un custo de 15,33 €/hora.
- 2 Os criterios de participación no financiamento do custo do SAF por parte dos obrigados ao pagamento serán os seguintes:
  - a) para usuarios/as da Modalidade "A" ( persoas e/ou familias, que sen ter recoñecida valoración de dependencia ao abeiro da Lei 39/2006 do 14 de decembro, *de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as Persoas en Situación de Dependencia*, a súa situación persoal e/ou familiar se encadren nun marco de problemáticas concretas previstas na ordenanza reguladora do servizo).

IPREM		PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN AO CUSTO DO SERVIZO
Inferior ou igual ao	100%	0,00%
Superior ao Inferior ou igual ao	100% 150%	10,00%
Superior ao Inferior ou igual ao	150% 200%	12,00%
Superior ao Inferior ou igual ao	200% 250%	15,00%
Superior ao Inferior ou igual ao	250% 300%	20,00%
Superior ao Inferior ou igual ao	300% 350%	25,00%
Superior ao Inferior ou igual ao	350% 400%	35,00%
Superior ao Inferior ou igual ao	400% 450%	45,00%
Superior ao Inferior ou igual ao	450% 500%	55,00%
Superior ao	500%	65,00%

## IPREM = Indicador de rendas de efectos múltiples

Cando se teñan en conta razóns sociais, benéficas ou/e de interese público, e sempre por proposta da xefatura de Sección da Oficina Técnica de Benestar Social, accederán en réxime de gratuidade e de forma excepcional, aqueles usuarios/as cuxa prestación do SAF fose concedida como unha medida control necesaria nos casos nos que se advirtan situacións de alto risco para os membros máis vulnerables da unidade familiar (casos do Programa de intervención e tratamento familiar).

b) para usuarios/as da Modalidade "B": persoas que teñan a resolución de recoñecemento da situación de dependencia, co correspondente grado e nivel, ó abeiro da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as Persoas en Situación de Dependencia, e que teñen a resolución do Programa Individual de Atención (en adiante PIA) onde se determine o servizo de axuda no fogar.

A contía do prezo público que deberán aboar os beneficiarios que teñan dereito á prestación deste servizo polo Concello de Pontevedra como consecuencia da aprobación dun programa individual de atención (PIA) establecido no marco do procedemento de recoñecemento dunha situación de dependencia, consonte ao previsto na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia, virá establecida en dito programa individual de atención, segundo o disposto no artigo 8.2 da Orde de 17 de decembro de 2007, de Vicepresidencia de Igualdade e de Benestar da Xunta de Galicia.

No suposto de non figurar na resolución do PIA, a determinación da achega do beneficiario ao custo do servizo, virá dada pola aplicación do establecido no apartado a) deste artigo.

### **Artigo 5 Obriga de pago**

- 1 A obriga de pagar o prezo público nace dende que se inicie a prestación do servizo correspondente.
- 2 Cando por causas non imputables ao obrigado ao pagamento do prezo, o servizo non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente, consonte o disposto no artigo 6.3 desta ordenanza.

### **Artigo 6 Normas de xestión**

- 1 O Concello unha vez iniciada a prestación do servizo, procederá a aprobar a liquidación que corresponda, na que constarán os datos precisos para a determinación do importe correspondente á mensuralidade que se indique nela, emitindo a carta de pago correspondente.
- 2 Procederá o rateo da cota correspondente ao mes de inicio en función dos días que resten ata o último do mes, pasándose ao cobro xunto coa liquidación da primeira mensuralidade seguinte. Tamén se rateará a cota mensual nos supostos de baixa no servizo, que será efectiva dende o mesmo día en que se presente a solicitude de baixa ou no que esta sexa declarada de oficio.

No suposto de suspensión temporal do servizo, a comunicación desta deberase facer con dez días naturais anteriores ao día da suspensión. Sempre que a suspensión estea debidamente xustificada no expediente, os obrigados terán dereito á devolución da contía correspondente ao período de suspensión, se é o caso, e regularizarse na primeira mensuralidade despois de reiniciarse o servizo. De non se posible facelo así, procederase á devolución que no seu caso corresponda á conta declarada polo beneficiario na súa solicitude de prestación do SAF. En calquera caso será imprescindible o informe social do/a traballador/a social, co visto e prace da xefatura do Servizo da



Oficina Técnica de Benestar Social, que incorporarase ao expediente individual/familiar.

- 3 A devolución de dúas cotas mensuais consecutivas ou tres alternas por causa imputable ao obrigado ao pagamento, determinará a interrupción da prestación do servizo e declaración de baixa.
- 4 O pagamento efectuarase nos dez primeiros días de cada mes, mediante a domiciliación bancaria.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

A modificación da tarifa do prezo público establecido na presente ordenanza será obxecto de modificación mediante acordo do Pleno do Concello de Pontevedra, previa proposta do servizo correspondente á que haberá de xuntarse informe no que se poña de manifesto que a tarifa proposta cubra como mínimo o custo do servizo prestado ou actividade realizada ou, no caso de que non o cubra as razóns sociais, benéficas, culturais ou de interés público que aconsellen fixar prezos por debaixo dese límite.

A contía da cota do prezo poderase actualizar conforme ao Índice de Prezos do Consumo (IPC) establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

O cálculo da actualización farase tendo en conta a evolución do IPC durante período comprendido entre o mes de novembro do ano no que se aprobara a última actualización e o mes de decembro do ano inmediatamente anterior ao da súa aplicación, ambos inclusive.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza entrará en vigor no prazo dos quince días seguintes a súa publicación no Boletín oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.